

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 08/03/1969

Colección:

Data: 08/03/1969

De:

Xohán Ledo;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Urzaiz, 28, 2º esquerda (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e membrete:]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Asuntos particulares;

Mencionados:

Mimi Alonso da Cuiña; Antonio Beiras García; Isaac Díaz Pardo; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 08/03/1969

RICARDO GARCÍA SÚAREZ/Enfermedades de Pulmón y Corazón/JOSÉ ANTONIO 28, 2º.
IZQ/VIGO

8 marzal 69

Querido amigo:

Escriboche somentes pra te remesar istas solicitudes, non vou engadir ren ó que nelas podes ler. Van destinadas a tí e mais a Isaac. Nelas estou comprometido por amizade, irmandade, con Anton Beiras polo intres en non deixar esmorecer unha obra de toda unha vida, a mais do posible futuro beneficio pra, digámolo inda que soe algo solemne, a humanidade.

A miña aportación persoal, uns pequenos cadros, val ben pouco; e fora de botar unha man, tal como se me pediú, á tarefa, non apporto cousa mais que a de escribirnos a vos, Isaac e mais tí, ista carta pra que teñades conecemento da cousa, xa que non pode ser unha recomendación pra algo cuia importancia non deixaredes de perceber ca xenerosidade de sempre, o voso amor a Galicia e a fidel memoria da amizade.

Unha forte aperta.

Ricardo

Lembranzas de Mimi. E miñas e mais dela pra Maruxa.

Estou agora sen auto, agardando que me den un novo. Emporiso, o choio da nosa visita non sei se poderá facerse a tempo, denantes de que tí marches.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.